



REQUIRIMENTO DE EMENDA DE DOCUMENTACIÓN

Pola, Orde do 30 de xullo de 2025 (DOG núm. 153 do 12 de agosto) apróbanse as bases reguladoras que rexen o concurso público de once bolsas de formación en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e procédese á súa convocatoria (código de procedemento PL500D).

As bases cuarta, quinta e sexta da convocatoria establecen que as solicitudes presentadas deberán reunir os requisitos xerais e específicos esixidos para cada proxecto e que se formalizarán no modelo PL500D, debidamente cumprimentado e asinado, na forma e prazos indicados.

O Servizo do CRPIH, órgano encargado da instrución do procedemento, revisou as solicitudes presentadas e a documentación achegada ao abeiro da base oitava da orde. De conformidade co disposto nela, as solicitudes incompletas, con erros ou as que non acheguen toda a documentación acreditativa esixida, serán obxecto de requirimento para que, nun prazo de dez días, a persoa interesada emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, terase por desistido da súa solicitude e archivarase o seu expediente na forma e termos indicados no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Por se tratar dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, os citados requirimentos de emenda realizaranse mediante publicación na páxina web do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: <http://www.cirp.gal>.

Polo exposto, procédese a:

1. Publicar na páxina web do CRPIH (<http://www.cirp.gal>) a relación de solicitudes que non están debidamente cumprimentadas e/ou non achegan a documentación preceptiva acreditativa dos requisitos xerais esixidos:

- Como Anexo A, as solicitudes suxeitas a emenda de documentación, co nome e apelidos dos solicitantes.

- Como Anexo B, a relación de documentos preceptivos para a emenda das solicitudes, de conformidade cos requisitos e prazos establecidos na convocatoria.

2. Facer indicación expresa a todas as persoas solicitantes recollidas no Anexo A de que son requiridas para que, no prazo de dez días, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos conforme se establece neste documento. De non o facer,





terase por desistente da súa petición de bolsa, e arquivarase o seu expediente, logo da resolución que se ditará nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A xefa de servizo do CRPIH

Ruth Otero Vilar

ANEXO A

Relación de solicitudes suxeitas a emenda de documentación

Solicitante	DNI	Documento requirido
Fernandez Martinez, Paloma	***7446**	1
Rodríguez Novoa, Carmen Maria	***6110**	1

ANEXO B

Relación de documentos preceptivos para a emenda das solicitudes

Nº Documento	Descrición Documento
1	Certificación académica oficial completa (en orixinal ou copia cotexada) onde conste a nota media do expediente académico da titulación esixida , que deberá ser igual ou superior a 6,5 puntos , calculada de acordo cos parámetros publicados pola Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de setembro de 2011 (DOG nº 188, do 30 de setembro) ou , no caso de estudos universitarios non pertencentes ao Sistema universitario de Galicia, polo Real decreto 1125/2003 (BOE nº 224, do 18 de setembro).

